

O EDLG NO PRESENTE CURSO 2024-2025

No curso 2024-2025 o Equipo de dinamización está constituído por Ana Garrido González (Dpto. de galego), Blanca Sánchez Sampedro (Dpto. de alemán), M^a Teresa Lorenzo Penedo (Dpto. de inglés) e Christopher Herman George (Dpto. de inglés) sendo este último o coordinador do Equipo.

OBXECTIVOS

Propoñémonos elaborar un programa de promoción da lingua galega que teña en conta as características do alumnado no noso centro, constituído maiormente por adultos, que veñen á Escola Oficial de Idiomas dúas veces por semana durante dúas horas. Tamén hai que ter en conta que neste centro temos dende o curso 2022/2023 un departamento de galego que poida funcionar como referente. Estas consideracións previas sobre a tipoloxía do noso alumnado e do propio centro lévannos a reflexionar sobre o tipo de actividade que lle queremos ofrecer dende o Equipo: tratarase de actividades vinculadas ao fomento da lingua e literaturas galegas ou relacionadas con algunha outra actividade de centro ou dos departamentos deste. De todas formas, o principal obxectivo segue sendo que a comunidade educativa se faga máis consciente da situación lingüística que nos rodea, e máis sensible e atenta de cara ao uso do galego.

OBXECTIVOS PARA O ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Os obxectivos que se fixan para este ano son:

1. Realizar actividades e proxectos que leven a unha valorización da lingua galega.
2. Potenciar o uso do galego na vida da escola.

Ademais seguiremos traballando para:

1. Prestixiar o uso da lingua galega no ámbito das escolas de idiomas, o que nos levaría, a longo prazo, a mellorar a valorización do galego en todos os ámbitos da sociedade.
2. Establecer contactos con outros equipos dos centros de ensino da nosa área máis próxima, e coa Coordinadora do Salnés para posibles colaboracións e intercambios de impresións e experiencias; así como con outros centros de fóra de Galicia onde se ensina galego.

OBXECTIVOS PARA O ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO DO PROFESORADO

1. Fomentar a valorización das contribucións individuais e colectivas na dinamización da lingua galega.
2. Impulsar a realización de actividades que favorezan a colaboración do alumnado.
3. Atinxir a maior implicación posible do profesorado e do alumnado da escola nas actividades proxectadas para este ano.
4. Colaborar cos departamentos didácticos da EOI en actividades que sexan de relevancia para a lingua galega.
5. Colaborar co profesorado ofrecendo información e axuda sobre os recursos existentes.
6. Implicar ao profesorado no uso do galego na aula, de xeito que o utilice como ponte de ligazón coa lingua estranxeira naquelas situacións en que for preciso.

OBXECTIVOS PARA O ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO DO ALUMNADO

1. Acadar a maior implicación posible do alumnado da escola nas actividades realizadas durante o curso.
2. Organizar actividades dirixidas ao alumnado de todos os niveis en que se poidan implicar e que teñan como obxectivo o uso do galego.
3. Pór ao dispor do alumnado materiais e recursos en lingua galega.
4. Equiparar os dereitos lingüísticos do alumnado galegofalante co dos falantes de castelán, non só na teoría mais tamén na práctica.
5. Crear as condicións para que o uso da nosa lingua sexa percibido como vantaxoso, e non só tolerado.
6. Promover unha visión da lingua galega que acabe con preconceitos, reforce a súa estima e aumente a súa procura.

OBXECTIVOS PARA A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

1. Propiciar a reflexión lingüística e sociolingüística no centro.

2. Diseñar un repertorio de actividades de dinamización lingüística, sempre tendo en conta os recursos materiais e humanos con que contamos e a realidade que nos rodea, de xeito que beneficien a colaboración interdepartamental e a implicación activa do profesorado e do alumnado.
3. Atinxir a maior implicación posible do alumnado da escola nas actividades que se realicen durante o curso.
4. Proporcionar información sobre as actividades do grupo e doutros actos de institucións relacionados coa lingua galega.
5. Promover unha visión da lingua galega que acabe con prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
6. Potenciar o coñecemento dos dereitos lingüísticos dos membros da comunidade escolar.
7. Intercambiar informacións e experiencias con outros EDLG da Galicia e incluso cos departamentos de galego doutras EOI fóra de Galicia.
8. Impulsar de xeito efectivo que o EDLG se torne un órgano visible nos diferentes ámbitos do centro.
9. Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización do galego.

MEDIDAS TENDENTES Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

1. Empregar o galego nos documentos de relación co alumnado e coa sociedade en xeral: correspondencia, publicacións de convocatorias de exames, resultados académicos, comunicados, páxina web do centro, etc.
2. Redactar en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
3. Usar a lingua galega nos actos que organice o centro: reunións de Órganos de coordinación docente, claustros, festivais, conferencias...

ACTIVIDADES. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Todas as medidas e actividades que deseñamos están pensadas e dirixidas para avanzar na dinamización da lingua galega a nivel social. O EDLG ten o compromiso de garantir os

dereitos lingüísticos do alumnado galego-falante, e traballar co obxectivo de que cada vez sexa maior esta comunidade de galegofalantes, ou sexa, que máis persoas se acostumen a usar con máis frecuencia a lingua galega.

Da mesma maneira tamén se traballará na imaxe externa da Escola e ocuparase de difundir as actividades que realicen outros colectivos próximos e que se refiran ao uso e fomento da lingua galega.

O Equipo considera que as medidas que se deseñan neste documento son as máis axeitadas para as circunstancias que nos rodean e os recursos humanos e materiais con que contamos:

1. Actualizar a web do centro, expoñendo o material elaborado e as diferentes convocatorias das actividades. Coa creación deste material preténdese darlle visibilidade ao noso traballo de cara á toda a comunidade escolar e outros centros. Incluír tamén ligazóns a recursos de interese para a lingua e cultura galegas.
2. Continuar coa subscrición das revistas mensuais *Tempos Novos* e *Luzes*, para garantir que a comunidade escolar teña a posibilidade de acceder a información actualizada en lingua galega.
3. Convocar concursos sobre temas relacionados coa cultura galega ou sobre temas de interese xeral (por ex., violencia de xénero) valéndose para o seu desenvolvemento e visibilidade da sección do EDLG na web do centro e das propias redes sociais do EDLG.
4. Participar nas reunións informativas realizadas polas coordinadoras territoriais, sempre que non interfira co horario lectivo da coordinadora.

RECURSOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MEDIDAS PARA POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA NA ESCOLA

Os recursos a disposición do equipo de dinamización da lingua galega comprenden non só os que podemos considerar como “recursos materiais” (o fondo bibliográfico e multimedia, as traducións ao galego da biblioteca do centro, os recursos tecnolóxicos da escola...), mais tamén todos aqueles recursos que o profesorado, o alumnado, o persoal non docente e outros membros da comunidade poden atopar na rede, e que os poñen en contacto coa realidade viva da lingua e a cultura galega. En calquera caso, pódese especificar que no

centro todos os interesados teñen ao seu dispor dictionarios, gramáticas e material de consulta, revistas, publicacións, traducións de obras literarias.

PROCEDEMENTOS DE COORDINACIÓN, VALORIZACIÓN E REVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Como mínimo unha vez ao trimestre este equipo reunirse co fin de comentar a incidencia das actividades que estamos a programar para o presente curso e a súa idoneidade na mellora do fomento do uso do galego na escola. Do resultado desta avaliación levantarase acta e informarse puntualmente á Dirección do centro.

A revisión do programa favorecerá a mellora das seguintes actividades programadas e servirá para considerar actividades similares ou relacionadas en sucesivas convocatorias, en consonancia coa resposta da comunidade educativa e dos obxectivos atinxidos a través da realización destas actividades.

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN DO EQUIPO

Ao acabaren as actividades do programa de promoción da lingua galega avaliarase o grao de implicación nas mesmas por parte da comunidade escolar, os medios de transmisión da información e a adecuación dos recursos empregados polos membros do EDLG a través dun cuestionario elaborado para tal fin.

ANTEPROXECTO ECONÓMICO

A maior parte das actividades están por determinar, tanto na tipoloxía como, por suposto, no orzamento. Os destinatarios das actividades son os membros da comunidade educativa da EOI de Vilagarcía de Arousa.

ACTIVIDADES E OUTRAS ACCIÓNS POR TRIMESTRES

0 Colaboración co departamento de galego doutras/s EOI de fóra de Galicia ou centros galegos no estranxeiro para levar a cabo unha actividade conxunta do alumnado tipo “Galego pode ser calquera” ou club de lectura-conversa. Colaboración co auxiliar de conversa do centro.

Temporalización: Calquera momento ao longo do curso 2024/25.

Indicador de logro: Participación de alomenos 5 alumnos de cada centro.

PRIMEIRO TRIMESTRE: setembro a decembro

1 Campaña de promoción EDLG en redes sociais e web do centro para animar a participación do alumnado, profesorado e persoal non docente nas actividades. Carteis nos taboleiros e nas aulas

Temporalización: ao longo do curso

Indicador de logro: 25 impresións en Twitter.

2 Club de conversa en galego (en conxunto co Depto Galego)

Organizar actividades cada mes de unha temática para conversar sobre temas da actualidade e da cultura galega. Publicitarase en Twitter, Instagram e na páxina web da escola. De ter boa acollida esta actividade, daráselle continuidade nos trimestres seguintes.

Temporalización:

- 1 ao 18 de outubro: Publicidade e inscrición.
- Semana do 21 de outubro: 1ª xuntanza
- Semana do 20 de novembro: 2ª xuntanza, valoración da actividade por parte dos participantes e sondaxe de continuidade.

Posible/s actividade/s a realizar:

- outubro: Presentar club, falar sobre temáticas comúns (cociña, turismo, lecer, etc.).
- novembro: Magosto (conto), concurso de postais de nadal multilingüe
- decembro: O Apalpador e exposición de postais de nadal
- xaneiro: banda deseñada coa posibilidade de conferencia (por exemplo Berta Dávila, ou outro/a), obradoiro ou exposición multilingüe en conxunto cos outros departamentos e biblioteca
- febreiro: Día da radio: participar en *Ponte nas Ondas!*
- marzo: entroido con filloas (xunto con entroido en varias linguas coa posibilidade de obradoiro de máscaras e exposición comida)
- abril: xogo de trivia con agasallo (libro) para os gañadores/as

- maio: conferencia / obradoiro das coplas de maio en Vilagarcía. Video: [Como facer as Coplas para os maíos |NBT \(youtube.com\)](#)

Orzamento: Agasallo para gañadores do concurso de postais de nadal e xogo de trivia.

Indicador de logro: Participación de 6 a 10 persoas.

3 Club de lectura (PLAMBE)

Modalidade do club: Presencial. Abrirase á participación de ex-alumnado no caso de non acadar uns números mínimos co alumnado do curso 2024/25 e cos outros membros da comunidade educativa.

Temporalización:

- escoller entre facer un libro cada mes, trimestral, ou no segundo trimestre coa posibilidade de continuar no terceiro

Posible/s actividade/s a realizar: Entrevista co autor, de ser viable; roteiro; gravación de podcasts para a radio da biblioteca; actividade/proxecto relacionado coa obra.

Orzamento: Adquisición de dous exemplares para a biblioteca; gastos da participación do autor, de levala a cabo; gastos para excursión e/ou roteiro (de facerse); agasallo de participación.

Indicador de logro: Participación de 5 a 10 persoas (incluídos tamén ex-alumnado e outros membros da comunidade educativa). Terá preferencia para participar o alumnado do 2024/25. O número de participantes poderá modificarse no caso de que algunha das EOI enriba mencionadas participen.

Este club de lectura poderá ter continuidade coutras obras de así desexalo os participantes. As lecturas a propór serían: *O misteria da Illa de Cortegada* de Manuel Losada, *Deixe a sua mensaxe despois do sinal* de Arantza Portabales, *22 segundos* de Eva Mejuto, *Esperta do teu sono* de Lola Rontano, *Ninguén queda* de Brais Lamela, ou outra a escoller.

4 Felicitación navideña do EDLG. Facer coas postais gañadoras do concurso de postais de nadal. Publicación post en Twitter, Instagram e páxina web da escola.

Temporalización: semana 16 de decembro.

Indicador de logro: Para cada unha das publicacións en redes sociais: 25 impresións en Twitter.

SEGUNDO TRIMESTRE: xaneiro a marzo

Club de lectura (PLAMBE)

(Continuidade do trimestre anterior) Club de lectura Este club de lectura será unha continuidade do club do primeiro trimestre a petición dos participantes e abríndose tamén a novos/as lectores/as.

Modalidade do club: Presencial. Abrirase á participación de ex-alumnado no caso de non acadar uns números mínimos co alumnado do curso 2024/25 e cos outros membros da comunidade educativa.

Temporalización

Esta organizarase só no caso de que se leve a cabo.

Posible/s actividade/s a realizar: Entrevista co autor, de ser viable; roteiro; gravación de podcasts para a radio da biblioteca; actividade/proxecto relacionado coa obra.

Orzamento: Adquisición de dous exemplares para a biblioteca; gastos da participación do autor, de levala a cabo; gastos para excursión e/ou roteiro (de facerse); agasallo de participación.

Indicador de logro: O mesmo que no Club do primeiro trimestre.

5 Día da Lingua Materna: Teatro en Galego. Empregar cuestionario dixital ou Padlet. Actividade de explicar en galego unha palabra favorita intraducible das varias linguas do centro (como por exemplo no libro *Lost in Translation An Illustrated Compendium of Untranslatable Words* de Ella Frances Sanders).

Publicación dun post en Twitter e na páxina web da escola con posibilidade a realizar algunha actividade interactiva en redes. Realizar exposición e cuestionario mais sorteo sobre o teatro en galego.

Temporalización: 3-28 de febreiro.

Orzamento: Agasallo para gañadores do sorteo.

Indicador de logro: 25 impresións en Twitter. Participación de 5 a 10 persoas.

6 Día de Rosalía de Castro. Poemas nas diferentes linguas do centro: gravación de podcasts para a radio da biblioteca. Publicación post en Twitter e na páxina web da escola.

Temporalización: 10-21 de febreiro.

Indicador de logro: 25 impresións en Twitter..

7 Día do Teatro: Obras propostas: *En pé de guerra*, *Sibaris* de Domingo Villar, *Papiroflexia* ou teatro universitario coa posibilidade de facer cos institutos de Vilagarcía.

Publicación dun post en Twitter e na páxina web da escola con posibilidade a realizar algunha entrevista ou pequena peza para radio.

Temporalización: mes de marzo.

Orzamento: Gastos da participación do grupo de teatro, de levala a cabo.

Indicador de logro: 25 impresións en Twitter. Participación de 8 a 15 persoas.

TERCEIRO TRIMESTRE: abril e maio

(Continuidade do trimestre anterior) Club de lectura Este club de lectura será unha continuidade do club do segundo trimestre a petición dos participantes e abríndose tamén a novos/as lectores/as. Pode empezar antes do terceiro trimestre para non rematar en maio xa que é mes de exámes.

Modalidade do club: Presencial. Abrirase á participación de ex-alumnado no caso de non acadar uns números mínimos co alumnado do curso 2024/25 e cos outros membros da comunidade educativa.

Temporalización

Esta organizarase só no caso de que se leve a cabo.

Posible/s actividade/s a realizar: Entrevista co autor, de ser viable; roteiro; gravación de podcasts para a radio da biblioteca; actividade/proxecto relacionado coa obra.

Orzamento: Adquisición de dous exemplares para a biblioteca; gastos da participación do autor, de levala a cabo; gastos para excursión e/ou roteiro (de facerse); agasallo de participación.

Indicador de logro: O mesmo que no Club do segundo trimestre.

8 Concurso fotográfico 'A primavera a foto altera'.

Temporalización: Do 17 de marzo ao 25 de abril.

Posible/s actividade/s a realizar: De ser viables, entrevista con fotógrafo galego e/ou excursión/saída fotográfica; concurso de fotografía de participación en redes sociais (foto + palabra/expresión galega/poema, etc.).

Orzamento: Gastos de entrevista e/ou excursión (de facerse); premios e agasallos de participación.

Indicador de logro: Participación de 5 a 10 persoas.

9 Día do Libro. Traballar coas traduccions, por exemplo Zerocalcare en italiano ou “As iluminacións”, de Arthur Rimbaud, traducido por Tamara Andrés e Oriana Méndez. Mira quen ven ceir: xogo de adiviñar a qué libro pertencen estes obxectos’ e publicación en Twitter e na páxina web da escola.

Temporalización: mes de abril

Indicador de logro: 25 impresións en Twitter. Participación de 8 a 15 persoas.

10 Día das Letras Galegas 2025. Publicación dun cuestionario dixital ou en papel, sobre cantareiras e á poesía popular oral en Twitter, Instagram e na páxina web da escola.

Temporalización: Do 5 ao 23 de maio.

Orzamento: Agasallo/s para o/os dous participante/s con máis respostas acertadas.

Indicador de logro: Participación de 8 a 15 persoas.